

5.- DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

O estudo dos principais aspectos relativos ó desenvolvemento territorial da área funcional de Pontevedra no período 1999-00 divídese en dúas partes diferenciadas: en primeiro lugar, analízase a súa dotación infraestructural, así como a información sobre infraestructuras hidráulicas, portuarias, viarias e ferroviarias contidas no *Plan director de infraestructuras 2001-2010*, presentado en outubro do ano 2001; seguidamente, proporciónase información sobre os parques empresariais existentes na área funcional, para o que se utiliza como fonte de información a publicación *Parques empresariais de Galicia e norte de Portugal*, elaborada conxuntamente polo Observatorio Urbano do Eixo Atlántico e o servizo de información Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que proporciona datos a marzo de 1999, así como a información que ó respecto aparece no

devandito *Plan director de infraestructuras 2001-2010*.


Infraestructuras

Os mapas 5.1., 5.2., 5.3. e 5.4. permiten observar, para as catro comarcas nas que se divide a área funcional obxecto de estudo, o espallamento das vías de comunicación e a súa rede urbana. Distínguense as vías segundo a súa categorización ó tempo que ós distintos nodos de comunicación establéceneselles un rango segundo a súa importancia.

En canto ós nodos establecidos, o *Mapa comarcal de Galicia* realiza unha distinción dos mesmos en función da súa importancia en cinco rangos, de xeito que o rango I clasificaría ós nodos máis relevantes, fronte ós nodos de rango V, correspondentes a aqueles cunha menor relevancia dentro da clasificación.

Mapa 5.1.

Principais vías e nodos de comunicación e relacións funcionais intermunicipais na comarca de Caldas



Mapa 5.2.

Principais vías e nodos de comunicación e relacións funcionais intermunicipais na comarca do Morrazo




Mapa 5.3.

Principais vías e nodos de comunicación e relacións funcionais intermunicipais na comarca do Salnés



Mapa 5.4.

Principais vías e nodos de comunicación e relacións funcionais intermunicipais na comarca de Pontevedra



Cadro 5.1. *Investimentos en infraestructuras viarias na área funcional de Pontevedra*

Actuación	Xunta de Galicia	Ministerio de Fomento	Vías	Totais
	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(en Km)	(en millóns de pesetas)
Conexión Pontevedra-Autovía Rías Baixas (Pontearreas)	-	29.300	35	29.300
Vía de alta capacidade conexión C-550 e C-531 en Vilagarcía	2.536	-	8	2.536
Vía rápida Cambados- Vilagarcía de Arousa	3.697	-	12	3.697
Desdoblamento vía rápida do Salnés (A-9 - Sanxenxo)	4.000	-	18	4.000
Corredor do Morrazo: Rande- Cangas	9.430	-	18	9.430
Plan sectorial Pontevedra (1)	6.910	11.990	-	18.900
Investimentos totais en estradas en Galicia	277.624	421.828	3.045	699.452
Área funcional /Galicia %	9,6	2,8	1,8	5,5

(1) O marco temporal destas actuacións é 2001-2020.
Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

O interior da área funcional conta cun só nodo de rango I, situado na comarca de Pontevedra, na intersección da A-9, a N-550 e a C-550, e non existe ningún nodo de rango II. Outros núcleos como Pontecesures, Valga e Caldas de Reis (na comarca de Caldas), e Marín, Moaña e Cangas (na comarca do Morrazo), son cualificados como nodos de rango III.

- O marco competencial sobre as *infraestructuras viarias* galegas está compartido entre o Estado, a Xunta de Galicia e as Deputacións provinciais.

A actuación proposta no *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* sobre a rede do Estado no marco da área funcional de Pontevedra é a autovía de conexión de Pontevedra coa autovía das Rías Baixas (A-52) en Pontearreas, segundo o acordo da Comisión de Infraestructuras do Congreso dos Deputados de febreiro de 2001, que representa, por unha parte, o acceso de Pontevedra á Meseta e, por outra, descargar de tráfico un eixo cun alto grao de saturación. Tal como se observa no **cadro 5.1.**, o investimento previsto é de 29.300 millóns de

pesetas para unha lonxitude de 35 quilómetros.

Dentro das actuacións propostas na área funcional sobre a rede autonómica destacan catro correspondentes ó programa de vías de alta velocidade: a vía de alta capacidade conexión C-550 e C-531 en Vilagarcía de Arousa, a vía rápida Cambados-Vilagarcía de Arousa, o desdoblamento da vía rápida do Salnés (A-9-Sanxenxo) e o corredor do Morrazo (Rande-Cangas). Para este último trazado xa está declarada de utilidade pública e disposta a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, polos Decretos 240/2001 e 241/2001, do 20 de setembro. Os investimentos previstos para as actuacións anteriores, así como os quilómetros de trazado de cada unha delas, pódense observar no devandito **cadro 5.1.**

Para finaliza-la análise das infraestructuras viarias previstas dentro do *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* na área funcional de Pontevedra, cabe destaca-lo plan sectorial da rede viaria da área urbana de Pontevedra, onde se propón como principal actuación a construción

dunha vía de circunvalación que enlace as principais vías que atravesan a cidade (A-9, N-550, N-541, N-531 e C-550); a vía rápida alternativa á C-550 en Marín, de 14 Km., onde a Xunta de Galicia ten previsto investir máis de 4.000 millóns de pesetas nos próximos dous anos; e a nova alternativa norte á C-550 en Poio, con case 1.000 millóns de pesetas de investimento.

- No eido das **infraestructuras ferroviarias**, destacan as actuacións enmarcadas dentro do *Plan Decenal de Infraestructuras Ferroviarias de Galicia 1998-2007*. Este plan desenvolveuse en diferentes programas, entre os que salienta, pola súa importancia dentro da área funcional de Pontevedra, o “Programa de acceso a portos e transporte combinado”, programa baixo o que se inclúe o enlace ferroviario de Pontevedra ó porto de Marín, na actualidade en execución.

No que respecta á rede interior da área funcional, destaca a mellora prevista da liña A Coruña–Vigo (Eixo Atlántico), co obxectivo de reducir os tempos de viaxe entre as principais cidades. O investimento nesta obra é compartido polo Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia

O ramal de Pontevedra a Marín, cun orzamento aproximado de 2.000 millóns de pesetas, estaba executado ó 85% no mes de novembro do 2001, previndo acabar este tramo no mes de decembro do mesmo ano. O total da obra, incluíndo os ramais do interior do porto de Marín, prevese que esté en servizo no primeiro trimestre do ano 2002.

Capítulo aparte merece a supresión de pasos a nivel, onde salienta dentro da área

funcional o investimento de 280 millóns de pesetas na supresión de pasos a nivel no concello de Vilagarcía de Arousa.

O *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* especifica dúas liñas de actuación no marco ferroviario: o programa de alta velocidade e o programa da rede convencional.

Na área funcional de Pontevedra a actuación prevista dentro do programa de alta velocidade é a conexión Madrid–Medina del Campo–Zamora–Ourense–Pontevedra e Vigo. O tempo previsto de viaxe entre Madrid e Pontevedra é de catro horas.

No que respecta á rede interior de alta velocidade, o corredor do Atlántico entre as cidades de Vigo e A Coruña–Ferrol adaptárase á alta velocidade a 220 Km/h, con características de vía dobre electrificada. As principais actuacións, incluídas no Convenio Ministerio de Fomento–Xunta–Renfe, están recollidas no **cadro 5.2.**, destacando que o 60,2% do investimento que se prevé realizar na rede interior de alta velocidade no Eixe Atlántico en Galicia será destinado a actuacións na área funcional de Pontevedra.

- Entre as **infraestructuras hidráulicas**, son importantes as actuacións acometidas no marco do *Plan de Saneamento das Rías Galegas* e, en concreto, as actuacións na ría de Vigo, onde se destinaron 13.000 millóns de pesetas a obras nos distintos núcleos de poboación da ría, co obxectivo básico de eliminar vertidos contaminantes.

No marco destas actuacións, dentro da área funcional de Pontevedra destacan a

Cadro 5.2. Principais actuacións na rede interior de alta velocidade Eixe- Atlántico, na área funcional de Pontevedra.

Treito	Tratamento	Investimento 2000-2007 (1)
		(en millóns de pesetas)
Santiago- Vilagarcía. Acondicionamento alta velocidade, dobre vía	Alta velocidade	22.022
Vilagarcía- Pontevedra. Acondicionamento alta velocidade, dobre vía	Alta velocidade	18.575
Pontevedra- Vigo (Inclúe acceso a Vigo). Novo trazado alta velocidade, dobre vía	Alta velocidade	31.091
Total		119.168
Area funcional /Galicia %		60,2

(1) Non inclúe a electrificación

Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

construcción no concello de Caldas de 2.740 metros de colectores, dous bombeos intermedios e unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) con sistemas de pretratamento, tratamento de fangos e decantación secundaria. Estas instalacións, que dan servizo a unha poboación de 30.000 habitantes, precisaron un investimento de 677 millóns de pesetas. No concello de Moaña, acomeuse o saneamento integral da vila, o que supuxo a instalación de 31.247 metros de colectores, 8 bombeos intermedios e unha estación depuradora con capacidade para cubri-las necesidades de 35.000 habitantes. Estas obras contaron cun presuposto superior ós 1.412 millóns de pesetas. A inclusión do concello de Vilaboa no proxecto de saneamento do fondo da ría foi outra das actuacións neste campo.

Os municipios con EDAR na ría de Pontevedra son os seguintes:

- Sanxenxo
- Raxó (Poio). Dispón só dun pequeno pretratamento

- Poio, Sanxenxo e Marín. Están conectadas a EDAR de Praceres, no concello de Pontevedra
- Bueu

Ten tamén importancia a adxudicación da obra do encoro do río Umia, cun investimento de 1.298 millóns de pesetas. Este encoro, ademais do seu aproveitamento hidroeléctrico, asegurará o abastecemento de auga a máis de 160.000 persoas –dos concellos de Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa e ó conxunto dos concellos da Mancomunidade do Salnés–, ademais de controla-las enchentas provocadas por fortes chuvias. Como actuacións complementarias, está previsto o aproveitamento deste encoro para usos recreativos, co que se pretende potencia-la actividade turística na zona.

Os instrumentos de planificación de infraestructuras hidráulicas que afectan a este área funcional son o *Plan hidrolóxico Galicia-Costa* e mailo *Plan de saneamento de Galicia 2000– 2015*.

Cadro 5.3. *Investimentos en infraestructuras hidráulicas na área funcional de Pontevedra*

Actuación	Xunta de Galicia	M.M.A.	Outros	Totais
	<i>(en millóns de pesetas)</i>			
Saneamento da ría de Pontevedra	5.500	-	2.000	7.500
Abastecemento de auga a Pontevedra e concellos limítrofes	1.700	6.500	1.800	10.000
Abastecemento da conca baixa do río Umia desde o encoro de Caldas de Reis	2.136	-	-	2.136
Investimento total área funcional	9.336	6.500	3.800	19.636
Investimento total en Galicia	138.929	72.781	14.792	226.502
Area funcional / Galicia	6,7	8,9	25,7	8,7

Fonte: *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010*

Dentro deste marco de actuación, as accións e investimentos na área funcional de Pontevedra son, tal como se expón no **cadro 5.3.**, as seguintes:

– Saneamento da ría de Pontevedra. A ría de Pontevedra é a única zona de Galicia declarada como sensible. Isto implica que a normativa europea de tratamento de augas residuais vai esixir uns tratamentos máis rigorosos para as depuradoras que vertan na ría.

A situación actual dos concellos que bordean a ría –que, por outra banda, superan o ámbito da área funcional– é moi diversa: mentres uns posúen xa sistemas de colectores que comprenden a maior parte das súas poboacións e dispoñen de depuradoras en funcionamento que cumpren a directiva, outros aínda deben completar as súas redes de saneamento e amplia-las súas depuradoras instalando sistemas de depuración máis rigorosos.

As actuacións consisten en realizar as obras necesarias para o saneamento integral da ría, destacando a ampliación da EDAR de

Praceres e a optimización do saneamento de Sanxenxo.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, elaborou tres convenios de colaboración para o obxectivo común do saneamento integral da ría de Pontevedra. Os convenios elaborados, e a situación na que se atopan, son os seguintes:

- Convenio entre a Administración Autonómica (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e Augas de Galicia), as corporacións locais (Deputacións e Concellos), as organizacións sindicais e as cámaras e organizacións empresariais. Este convenio foi tramitado ata a súa aprobación polo Consello da Xunta o día catro de outubro de 2001, estando actualmente listo para a súa sinatura.

- Convenio coa Deputación de Pontevedra, asinado o día 16 de outubro de 2001.

- Convenio co grupo ENCE, asinado tamén o día 16 de outubro de 2001.

O financiamento contemplado nos citados convenios para o obxectivo común é o que se mostra no **cadro 5.3.**, correspondendo os 2000 millóns do apartado de “outros” á Deputación de Pontevedra e ó grupo empresarial ENCE a partes iguais.

As obras máis destacadas que contemplan os convenios, entre outras que se irán definindo ó longo do período de vixencia dos mesmos, son:

- Saneamento da zona oeste do concello de Bueu.
- Separación de pluviais e optimización do saneamento de Sanxenxo.
- Rede de sumidoiros en Moreira (1ª fase).
- Ampliación da EDAR de Pontevedra.
- Colectores xerais de Chancelas (Poio).

Coas actuacións e prazos contemplados nestes convenios preténdese lograr-lo obxectivo do saneamento integral da ría de Pontevedra no ano 2006, nove anos antes da data horizonte de cumprimento do *Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015*.

– Abastecemento de auga a Pontevedra e concellos limítrofes. Esta actuación está incluída no anexo correspondente da Lei do Plan Hidrolóxico nacional e o obxectivo da mesma é solucionar os problemas de abastecemento existentes nos concellos de Pontevedra, Poio, Marín, Bueu e Sanxenxo.

Desta maneira preténdese paliar os problemas existentes nestes concellos debido ó estado dos actuais sistemas de abastecemento de auga potable e ós incrementos da demanda que se produciron nos últimos anos

debido ó desenvolvemento social que experimentou a zona.

Tal como se expón no **cadro 5.3.**, o orzamento estimado para o conxunto das distintas actuacións previstas ascende a 10.000 millóns de pesetas.

– Abastecemento da conca do río Umia desde o encoro de Caldas de Reis. As actuacións consisten na construción dunha serie de conduccións, así como os depósitos de auga bruta e de auga tratada da estación de tratamento de auga potable (ETAP), melloras dos bombeos e obras de interconexión da rede, que permitirán garantir o abastecemento desde o encoro do río Umia ós concellos de Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Ribadumia, Meis e Sanxenxo.

O total das obras proxectadas para esta actuación está cifrado en 2.136 millóns de pesetas.

Para finalizar coa relación das infraestructuras hidráulicas existentes e previstas na área funcional, o **cadro 5.4.** mostra os aproveitamentos hidrolóxicos en explotación, en execución e en tramitación no río Lérez, observándose como a maiores dos seis expedientes en execución, existen tres en explotación e tres en tramitación.

• No eido das *infraestructuras portuarias*, as actuacións e investimentos nos portos de interese xeral do Estado no marco da área funcional son as que se mostran no **cadro 5.5.**, destacando como actuacións máis significativas a ampliación do peirao

Cadro 5.4.

Aproveitamentos hidroeléctricos no sistema de explotación nº 3 (río Lérez)

Expediente	Río	Denominación	Titular/peticionario	Potencia (KVA)	Caudal (m3/s)	Situación
03/273/5A	Lérez	Salto de Dorna	Unión Fenosa Generación S.A	2.450	3,0	En explotación
03/273/6	Lérez	C.H. De Cerdedo	Hidroeléctrica de Forcadas, S.A	1.901	3,5	En explotación
03/273/7	Almofrei	C.H. De Almofrei	Unión Fenosa Generación S.A	444	1,6	En explotación
03/273/5	Lérez	Salto " 1+2"	Unión Fenosa Generación S.A	8.800	20,0	En execución
03/273/5	Lérez	Salto "3+4"	Unión Fenosa Generación S.A	15.755	20,0	En execución
03/273/5	Lérez	Salto "5+6"	Unión Fenosa Generación S.A	13.122	20,0	En execución
03/273/9	Almofrei	Central de a Ponte	Enerxía de Galicia S.A (ENGASA)	3.069	3,5	En execución
03/273/14	Lérez	C.H. de Ponte Bora	Galaica de Enerxías Renovables S.A.	1.325	30,0	En execución
03/273/19	Castro	C.H. no río Castro	Cortizo Hidroeléctricas, S.A.	4.657	6,0	En execución
PO/9/98	Almofrei	C.H. De Portamuíños	Técnicos Asociados Galegos S.L	2.380	5,5	En tramitación
PO/22/98	Castro	C.H. De Barrela	Marta Pousa Ortega	3.120	4,0	En tramitación
PO/24/98	Ponte Freixeira	A.H río Ponte Freixeira	Hidroeléctrica del Baleo, S.L	1.850	2,0	En tramitación

Fonte: Consellería de política territorial, obras públicas e vivenda. 2001

Cadro 5.5.

Actuacións Autoridades Portuarias 2001-2005

Porto de Vilagarcía						
Proxecto	Total inversión	2001	2002	2003	2004	2005
<i>(en millóns de pesetas)</i>						
Ampliación peirao comercial (Fase I)	1.450	200	350	350	300	250
Prolongación liña de atraque P. De Ferrazo	250	-	-	50	100	100
Outros	3.408	822	756	724	432	674
Total Investimento	5.108	1.022	1.106	1.124	832	1.024
Porto de Marín-Pontevedra						
Proxecto	Total inversión	2001	2002	2003	2004	2005
<i>(en millóns de pesetas)</i>						
Modif. peirao e explanada contigua zona expansión porto (1ª fase)	714	400	314	-	-	-
Ampliación zona expansión porto de Marín (2ª fase)	905	-	-	25	330	550
Peirao de reparacións nº 2	365	-	50	315	-	-
Resto de actuacións	2.403	518	557	530	491	307
Total Investimento	4.387	918	921	870	821	857

Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

comercial de Vilagarcía, cun investimento total de 1.450 millóns de pesetas, e a ampliación do peirao e explanada contigua na zona de expansión do porto de Marín-Pontevedra, cun investimento total de 905 millóns de pesetas.

Parques empresariais

O conxunto da área funcional de Pontevedra contaba en marzo de 1998 con cinco

parques empresariais en funcionamento, entendendo por parque empresarial aquela actuación inmobiliaria que sitúa no mercado unha oferta de solo industrial urbanizado destinado a actividades industriais, comerciais e/ou de servizos e que cumpre uns requisitos consistentes na existencia dun promotor xestor, que o solo onde se radica sexa legalmente cualificado para tal fin e que dispoña dunha serie de infraestructuras e servizos básicos. Deste xeito, o termo de

Parques empresariais en funcionamento

Cadro 5.6.

	Inauguración	Nº de parcelas	Nº de parcelas vendidas	Superficie	Superficie industrial (m ²)	Superficie comercial	Prezo (ptas./m ²)	Investimento total (millóns de ptas)	Promotor / Xestor
Castiñeiras	1997	12	12	66.016	34.493	-	6.000	298.023	IGVS/Xestur Pontevedra
O Campiño	1994	87	82	343.291	98.219	106.442	5.890	1.048.032	IGVS/Xestur Pontevedra
Trabanca	1997	25	25	35.186	27.003	-	7.000	299.791	Xestur Pontevedra
Tremoedo	-	45	45	93.740	53.950	1.007	8.000	-	Concello Vilanova
Salnés	-	17	16	120.000	72.000	1.200	3.000	130.000	Concello de Ribadumia
Total		186	180	658233	285665	108649		1775,846	

Fonte: Observatorio Urbano do Eixo Atlántico e Consorcio da Zona Franca de Vigo. Parques Empresariais de Galicia e Norte de Portugal

parque empresarial é utilizado como sinónimo de polígono industrial ou solo industrial urbanizado, pero non inclúe, sen embargo, ós parques tecnolóxicos.

Ós parques empresariais en funcionamento, que son aqueles xa urbanizados e que xeralmente xa contan con empresas instaladas, pódese engadir os parques que se atopan noutras fases de desenvolvemento: en construción, en proxecto ou en estudo. Así, os primeiros serían aqueles coas obras de urbanización xa iniciadas pero aínda non finalizadas; os parques empresariais en proxecto están próximos a se construír ou estase a desenvolver-lo seu plan parcial, namentres que os parques en estudo son aqueles que están previstos a medio prazo.

Os parques empresariais actualmente en funcionamento distribúense territorialmente en tres das catro comarcas nas que se divide a área funcional: un na comarca do Morrazo (no concello de Bueu), un na comarca de Pontevedra (Pontevedra) e tres no Salnés (Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Ribadumia).

En canto ós xestores e promotores destes parques, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e Xestur Pontevedra están presentes en tres dos cinco parques empresariais da área, correspondendo a promoción e xestión dos dous restantes á Cámara de Comercio de Vilagarcía e ós concellos de Vilanova e Ribadumia, tal como se observa no **cadro 5.6**.

Con respecto á superficie total, destaca o parque empresarial do Campiño, en Pontevedra, cunha superficie de 343.291 metros cadrados dividida en 87 parcelas, das

que a novembro do 2001 estaban vendidas 82. O seguinte parque en importancia en relación á súa extensión é o do Salnés, no concello de Ribadumia, que ten 120.000 metros cadrados, divididos en 17 parcelas, das que 16 están vendidas; polo tanto, os dous parques analizados están próximos á saturación.

Os tres parques restantes teñen unha dimensión menor: ningún deles acada os 100.000 metros cadrados.

Compre salientalo proxecto da segunda fase do parque empresarial do Campiño en Pontevedra. Esta segunda fase, cun investimento proxectado de 195 millóns de pesetas, prevé a construción de dúas parcelas de 26.784 m² e de 29.463 m² destinadas a solo comercial e industrial, así como 2.793 m² para sistemas de espazos libres e rede viaria. Por outra banda, a futura ampliación do parque empresarial do Campiño no concello de Ponte Caldelas pode considerarse como un elemento estratéxico dentro do desenvolvemento industrial-comercial, toda vez que dado o grao de ocupación do parque, próximo ó 100%, a execución da segunda fase de 60.000 m² e a ampliación de 450.000 m² garanten un sólido desenvolvemento económico de todo o ámbito

Por outra banda, os primeiros estudos de viabilidade determinaron que a ubicación máis adecuada para a futura “Central de Transportes de Pontevedra” eran os accesos ó parque empresarial do Campiño.

A actuación ocupa un espazo aproximado de 90.000 m², dos que 31.000 m² estarán destinados a naves e patios de manobras.

Ademais do anterior, destínase unha zona de 4.000 m² a aparcamentos específicos de camións, que incorporan un *box* individual. Igualmente, destínanse 16.421 m² a zonas verdes e equipamentos públicos, así como 8.570 m² a aparcamentos de vehículos lixeiros.

O investimento inicialmente previsto para as obras de urbanización e adquisición de solo é de 400 millóns de pesetas, subscribíndose ó efecto un convenio entre a Consellería de Política Territorial, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestur Pontevedra con data 12 de xullo de 2001.

A este investimento haberá que lle engadir o importe da construción das naves que, dependendo do deseño, poderá chegar ós 600 millóns de pesetas.

A xestión desta actuación divídese nas seguintes etapas :

- 1.- Redacción do planeamento e proxecto de urbanización.
- 2.- Adquisición de terreos.
- 3.- Execución das obras de urbanización.
- 4.- Construción das naves.

Estímase a total conclusión do proxecto para finais do ano 2002.

Tal como se sinalou anteriormente, os parques empresariais operativos na área funcional de Pontevedra, dependentes da Xunta de Galicia, están situados en Bueu, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa.

O Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010 non inclúe ningún par-

que empresarial en fase de execución dentro da área funcional, aínda que dentro do conxunto de posibles actuacións en fase de estudo de viabilidade están os parques empresariais dos concellos de Caldas de Reis, Cangas, Catoira, Illa de Arousa, Meis-Barro, Pontecesures, Pontecaldelas, Sanxenxo e Vilanova de Arousa. Neste senso, o 30 de outubro do 2001, o Pleno da Zona Franca de Vigo aprobou un investimento de máis de 6 mil millóns de pesetas para por en marcha o parque empresarial do Morrazo, no que se pretende urbanizar un millón cen mil metros cadrados do monte comprendido entre Cangas e Bueu. ■